

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 24
DE XULLO DE 2025**

Ás 10.00 horas do día 24 de xullo de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: dona María Begoña Álvarez Matos

O deputado de Democracia Ouresana, don Antonio Fernández Martín, non asiste á sesión, escusando a súa ausencia.

Os deputados do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández e don Aurentino Alonso Araújo, abandonaron a sesión no punto terceiro da orde do día tras a súa renuncia.

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sete da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2025 (EXP. Nº 2025/7V/PLENO).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de xuño de 2025.

Non se producen intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 30 de maio de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RENUNCIA DE DON AURENTINO ALONSO ARAÚJO AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL (EXP. Nº 2023/11425K).

O Sr. Presidente cede a palabra a don Aurentino Alonso Araújo.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia do deputado provincial don Aurentino Alonso Araújo, con DNI nº 16262250-P, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no

artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

3º) En cumprimento do previsto na Instrución 1/2025, publicada no BOE nº 31, do 5 de febreiro de 2025, relativa á substitución de cargos representativos locais, correspondería cubrir a vacante a xuízo da Corporación a Sherezade Núñez Rodríguez, con DNI nº 76721149-A, segundo consta na certificación asinada pola secretaria en funcións da Xunta Electoral de Zona do Barco de Valdeorras, do día 10 de xullo de 2023.

3º.- RENUNCIA DE DONA ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ AO CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL (EXP. Nº 2023/11426E).

O Sr. presidente cédelle a palabra a dona Elvira Lama Fernández.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Tomar razón da renuncia da deputada provincial dona Elvira Lama Fernández, con DNI nº 34944140-X, deixándose constancia dela.

2º) Solicitar da Xunta Electoral Central a expedición da credencial do deputado ou deputada provincial suplente ou do que resulte proclamado, consonte co procedemento previsto no artigo 206 da LOREG, para, previos os trámites oportunos, a toma de posesión na próxima sesión.

3º) En cumprimento do previsto na Instrución 1/2025, publicada no BOE nº 31, do 5 de febreiro de 2025, relativa á substitución de cargos representativos locais, correspondería cubrir a vacante a xuízo da Corporación a Xosé Carlos Valcárcel Doval, con DNI nº 34944069-P, segundo consta na acta da Xunta Electoral de Zona de Ourense, do día 10 de xullo de 2023.

4º.- EXPEDIENTE NÚMERO 7/2025 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/17831W).

A este expediente presentouse unha emenda por parte da Presidencia.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, primeiramente, a emenda presentada que é aprobada co voto favorable dos membros presentes.

A continuación sométese a votación o expediente coa incorporación da emenda aprobada, e co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o expediente número 7/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, do seguinte xeito:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número 4/2025 dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Nogueira de Ramuín** para “ **Ampliación de residencia de maiores ”** pola cantidade de **100.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do concello de Nogueira de Ramuín na data 17 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicitando a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

FINALIDADE	IMPORTE
Proxecto de beirarrúas e soterramento de redes na travesía de San Miguel, no concello de Nogueira de Ramuín	100.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número 4/2025 dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Bande** para “ **mellora do camiño no núcleo rural de Corvelle e honorarios técnicos**” pola cantidade de **9.718,12 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa do concello de Bande na data 19 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día

comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención, ao non poder levar a cabo dito proxecto.

Tendo en conta que o Concello ten previsto levar a cabo actuacións de reparacións en vías municipais, solicita, a ser posible, o cambio de finalidade.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE BANDE

FINALIDADE	IMPORTE
Reparación en vías municipais	9.718,12 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria **43300/48099 “ Desenvolvemento empresarial. Subvención nominativa correntes a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas para “ **Gastos de funcionamento”** pola cantidade de **40.000,00 euros**.

En base a solicitude presentado polo Presidente da Asociación, **proponse a ampliación do obxecto** da subvención quedando da seguinte maneira,

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

FINALIDADE	IMPORTE
Gastos de funcionamento e mantemento	40.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Cenlle** para “ **cofinanciamento de obras de renovación de infraestruturas en Laias** ” pola cantidade de **50.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa na data 04 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista visto que é

dubidoso que se licite a obra por Augas de Galicia neste exercicio.

O Concello non obtivo axuda da Dirección Xeral da Administración Local para esta nova actuación que se propón, é tendo en conta que é unha obra complementaria do Plan Camiña Rural 2025-2026, **proponse o cambio da finalidade** da subvención, quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE CENLLE

FINALIDADE	IMPORTE
Mellora de infraestruturas no núcleo de Pazos Ermos no Concello de Cenlle	50.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025 dos orzamentos** para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Vilamarín** para “**Melloras en seguridade e limpeza no Parque Empresarial**”, pola cantidade de **30.000,00 €**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde na data 08 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista tendo en conta coas necesidades actuais do Parque Empresarial.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE VILAMARÍN

FINALIDADE	IMPORTE
Melloras en sistemas de seguridade no Parque Empresarial	30.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025 dos orzamentos** para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Boborás** para “**cofinanciamento de obras de eficiencia enerxética do pavillón municipal ”** pola

cantidade de **30.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa na data 04 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista a incompatibilidade coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, **proponse o cambio da finalidade** da subvención, quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE BOBORÁS

FINALIDADE	IMPORTE
Proxecto de canalización soterrada e distribución eléctrica en Bues	30.000,00 €

g) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Cortegada** para **“Proxecto de obras no balneario e reforma de viais municipais”** pola cantidade de **90.000,00 euros**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do concello de Cortegada na data 9 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicitando a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE CORTEGADA

FINALIDADES	IMPORTE
1. Instalación eléctrica para OCA Pabellón (execución da obra + honorarios técnicos	49.082,29 €

2. Instalación e conexión de postes para a iluminación pública	29.560,30 €
3. Colocación e renovación de tuberías do sistema de abastecemento de auga	11.357,41 €

h) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello da Peroxa** para **“Aforro enerxético no campo de fútbol”** pola cantidade de **42.350,00 euros**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do concello da Peroxa na data 8 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o día 18 de xullo de 2025, solicitando a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DA PEROXA

FINALIDADES	IMPORTE
Creación de praza pública en Pousada	15.000,00 €
Rede de saneamento en Vilar	10.000,00 €
Mellora de camiños municipais na Peroxa	8.800,00 €
Revestimento dos muros de peche e fachada do campo de fútbol	8.550,00 €

i) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número **4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Vilar de Barrio** para **“Mellora de eficiencia enerxética casa consistorial”** pola cantidade de **27.448,12 euros**.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do Concello de Vilar de Barrio na data 15 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicitando a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

CONCELLO DE VILAR DE BARRIO

FINALIDADES	IMPORTE
1. Mellora de instalacións de saneamento municipal no concello de Vilar de Barrio	10.000,00 €
2. Creación de cubertas verdes que incrementan a biodiversidade	13.681,48 €
3. “Plan camiña rural 2025-2026” (camiños Cencillos, Alto da Serra e o Castro	3.766,64 €

j) Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/480.99 “Entidades, capítulo IV de gastos “transferencias correntes”** no expediente de modificación número 3/2025 dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a **Trictrack Circuitos Permanentes, SCG**, para **“Programa de orientación na provincia OrientOu”** pola cantidade de **8.000,00 euros**.

En base a solicitude presentada por Trictrack Circuitos Permanentes, SCG, na data 18 de xullo de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, solicitando, a ser posible, o cambio de denominación da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio denominación** da subvención quedando da seguinte maneira,

TRICTRACK CIRCUITOS PERMANENTES, SCG

FINALIDADES	IMPORTE
“Programa de orientación na provincia Rumbo ”	8.000,00 €

Estes cambios non implican un cambio cuantitativo no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DO CONSORCIO PROVINCIAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024 (EXPTE. Nº 2025/6177P).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), e a abstención do Grupo Socialista (5), do BNG (3) e de Democracia Ourenseana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2024, de acordo co establecido no artigo 212.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

Primeiro.- **Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2024, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 35.136.167,86 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 91.009.588,59 €
- Balance de situación: 2.147.365.004,70 €
- Resultado económico patrimonial: - 67.710.106,29 €

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourenseano de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2024, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 666.501,47 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 1.779.058,22 €
- Balance de situación: 14.909.709,30 €

- Resultado económico patrimonial: - 334.454,05 €

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio provincial de servizo contra incendios e salvamento** do exercicio 2024, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 1.188.368,96 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 2.556.315,57 €
- Balance de situación: 7.705.646,51 €
- Resultado económico patrimonial: + 874.013,35 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio de Augas de Valdeorras** do exercicio 2024, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 78.196,11 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 113.285,31 €
- Balance de situación: 806.988,95 €
- Resultado económico patrimonial: - 66.712,05 €

2º.- Proceder á rendición da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

6º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ECONÓMICO - FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O PERÍODO 2025-2026 (EXPTE. Nº 2025/13098F).

Previamente corresponde a ratificación da inclusión na orde do día deste punto, xa que non foi ditaminado en comisión informativa, e que é aprobada por unanimidade.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (5) e do BNG (3) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Plan Económico Financeiro da Excma. Deputación Provincial de Ourense para o período 2025-2026 nos termos que constan no documento con CSV: 15704505651301237003, incorporado ao expediente administrativo electrónico núm. 2025/13098F, e que se considera parte integrante do presente acordo.

2º) Remitir a modificación do Plan Económico Financeiro da Excma. Deputación Provincial de Ourense para o período 2025-2026, xunto coa certificación do presente

acordo, á Subdirección Xeral de entidades financeiras e corporacións locais da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, para os efectos da súa aprobación definitiva e seguimento, de conformidade co establecido no artigo 23.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ao ter atribuída a competencia de tutela financeira respecto das entidades locais de Galicia, consonte co disposto no artigo 49 do Estatuto de autonomía de Galicia (aprobado pola Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril).

3º) Publicar o Plan Económico Financeiro da Excma. Deputación Provincial de Ourense para o período 2025-2026 na sede Electrónica provincial, a efectos exclusivamente informativos, e a súa aprobación no Boletín Oficial da Provincia.

7º.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO REGULADOR DO SISTEMA DE CARREIRA ADMINISTRATIVA HORIZONTAL PARA OS/AS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS/AS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/16967N).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o Regulamento regulador do sistema de carreira administrativa horizontal para os/as empregados/as públicos/as provinciais da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación no 2007 do Estatuto básico do empregado público (EBEP) supuxo a introdución dunha importantísima novidade para o desenvolvemento profesional do persoal das administracións públicas: o sistema de carreira profesional horizontal.

A carreira profesional supón o dereito do persoal empregado da Deputación Provincial de Ourense a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento profesional, no que ten que ver con coñecementos, formación, experiencia, participación e iniciativas concretas de traballo que supoñan implicación e compromiso coa Deputación Provincial e outros aspectos relevantes, segundo o caso, para a correspondente profesión. O deseño dun sistema de carreira profesional aumentará a

motivación e a satisfacción profesional dos traballadores, redundando nunha maior eficacia da Deputación Provincial no desenvolvemento das competencias que ten asignadas.

En relación ao marco normativo temos que facer referencia en primeiro lugar á lexislación básica da materia, recollida fundamentalmente no capítulo II do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP) relativo ao dereito á carreira profesional e á promoción interna. No artigo 16 do TREBEP ven recollido o que é o concepto, principios e modalidades da carreira profesional dos funcionarios da carreira e xa no artigo 17 contéplase o que é a carreira horizontal dos funcionarios de carreira sinalando que as leis de función pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto básico poderán regular a carreira horizontal dos funcionarios de carreira. Polo que se refire á carreira profesional do persoal laboral ven recollido no artigo 19 do TREBEP remitindo aos procedementos previstos no Estatuto dos traballadores ou nos convenios colectivos. Polo tanto, o TREBEP é norma básica e deixa ás leis de función pública das comunidades autónomas, a regulación e o desenvolvemento do seu propio esquema de carreira, estando regulada en Galicia a través da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG) no seu capítulo II do título VI. En concreto, o artigo 77 regula a carreira horizontal para o persoal funcionario de carreira, supeditando a súa aplicación ao seu desenvolvemento regulamentario. En ausencia dese regulamento, a disposición transitoria oitava, no seu apartado 4, da LEPG establece a posibilidade de desenvolver un sistema transitorio de recoñecemento da progresión da carreira administrativa, complementario ao grao persoal e configurado como unha retribución adicional ao complemento de destino. Na Xunta de Galicia diferénciase o que é o complemento de carreira para persoal funcionario e o complemento de desempeño para o persoal laboral en base precisamente a esa disposición transitoria, sistema que non será aplicable á Deputación Provincial de Ourense xa que tanto funcionarios como laborais teñen a mesma estrutura retributiva, aplicando para ambos supostos o complemento de carreira. O que si será aplicable na Deputación Provincial de Ourense é o réxime transitorio establecido na Xunta de Galicia, especialmente para o recoñecemento do grao I e o grao II para todo o persoal público provincial.

Tamén no caso da Deputación temos que acudir ao Acordo regulador e ao Convenio colectivo onde no seu artigo 14 de ambos documentos recóllese que os empregados públicos teñen dereito á promoción profesional e á carreira profesional, entendidos como o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade. No seu apartado segundo do

artigo 14 establécese que de conformidade co previsto no capítulo II do título III do Estatuto básico do empregado público así como na lexislación autonómica correspondente, estableceranse os mecanismos de carreira e promoción interna para os empregados públicos provinciais.

En consecuencia, a normativa establece un mandato claro para as administracións públicas, manifestando que estas promoverán a actualización e perfeccionamento da cualificación profesional dos seus traballadores.

O Goberno da Deputación Provincial de Ourense, consciente destas esixencias normativas, estableceu a través do documento “Informe da Presidencia sobre as grandes liñas estratéxicas da política de recursos humanos para o mandato 2023-2027” o que son os principais obxectivos da política de recursos humanos da Administración provincial. Dentro do seu apartado nº 6 do documento, relativo á mellora das condicións laborais dos empregados públicos provinciais, figura o compromiso de negociar no seo da mesa xeral de negociación un sistema de carreira profesional para os empregados públicos provinciais así como iniciar os estudos precisos para aplicar a avaliación do desempeño na Administración provincial. Froito deste documento e como primeiro paso para a implantación do sistema de carreira horizontal na Deputación Provincial de Ourense elaborouse un documento inicial onde se recollen os principios xerais, o establecemento dun cronograma e a posibilidade de aplicación dun réxime transitorio.

ARTIGO PRIMEIRO.- OBXECTO.

Este regulamento ten por obxecto establecer as bases e incorporar a modalidade de carreira profesional horizontal para todos/as os/as empregados/as públicos da Deputación Provincial de Ourense nos termos previstos legalmente.

ARTIGO SEGUNDO.- CONCEPTO E OBXECTIVOS DA CARREIRA PROFESIONAL

*2.1. A **carreira profesional** é o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme cos principios de igualdade, mérito e capacidade.*

*2.2. A **carreira administrativa horizontal** supón a posibilidade de avanzar profesional e retributivamente sen necesidade de cambiar de posto de traballo como recoñecemento a experiencia, coñecementos e compromiso coa organización mostrados durante a actividade profesional. A carreira horizontal terá carácter progresivo, será voluntaria e organizarase en 4 graos que se establezan aos que se accederá mediante convocatoria previa.*

*2.3. Son **obxectivos do sistema de carreira profesional horizontal** os seguintes:*

- a) *Recoñecer a achega dos empregados públicos provinciais á mellora da calidade dos servizos que presta a Deputación Provincial de Ourense.*
- b) *Distinguir aos profesionais, outorgándolles un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional e individual.*
- c) *Fomentar a cultura do compromiso do persoal da Deputación Provincial de Ourense co sistema de función pública, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación.*
- d) *Lograr un maior grao de motivación que permaneza ao longo da súa vida laboral como xeito de propiciar a mellora dos servizos públicos.*

ARTIGO TERCEIRO.- CARACTERÍSTICAS DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL

Son **características da carreira profesional horizontal** as seguintes:

- a) **Voluntaria:** *corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos diferentes graos que a configuran, cumprindo os requisitos establecidos.*
- b) **Personalizada:** *o recoñecemento do grao ten carácter persoal e individual e farase considerando os méritos presentados pola persoa interesada de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*
- c) **Progresiva:** *o acceso aos diferentes graos recoñecidos na carreira farase sucesivamente ao longo da vida laboral, de xeito que o acceso ao grao superior só será posible acreditando o recoñecemento do grao inmediatamente inferior e logo dun período de permanencia neste último.*
- d) **Avaliable:** *o sistema fundaméntase na avaliación, suxeita a baremo, da antigüidade e dos méritos da persoa interesada.*
- e) **Transparente:** *os elementos e criterios de avaliación serán públicos.*
- f) **Irreversible:** *os graos serán irreversibles e consolidables para todos os efectos.*
- g) **Independente do posto de traballo que se ocupe:** *obter un grao de carreira determinado ou acceder a outro non implica cambiar de posto de traballo nin de actividade que a persoa interesada desenvolve.*
- h) **Actualizable:** *a variación no valor do complemento de carreira profesional será actualizado anualmente na mesma porcentaxe de incremento que establezan as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado e do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.*

- i) **Aberta:** non ten limitacións de acceso (sen cotas), sempre que se cumpran os requisitos básicos establecidos e os criterios definidos para obter cada grao.
- j) **Homologable:** o sistema deséñase consonte cos criterios xerais de homologación e incorporará mecanismos para o recoñecemento dos graos de carreiras profesionais acadados noutras administracións públicas
- k) Orientada á prestación de **servizos públicos de calidade** á veciñanza así como ao mellor cumprimento dos obxectivos da Deputación Provincial de Ourense.

ARTIGO CUARTO.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O sistema de recoñecemento da carreira administrativa será de aplicación a todo o persoal empregado público da Deputación Provincial de Ourense: persoal funcionario de carreira e interino, persoal laboral fixo, persoal laboral interino, persoal laboral temporal e persoal laboral indefinido ou o integrado procedente doutras administracións.

ARTIGO QUINTO.- REQUISITOS DE ACCESO AO SISTEMA DE CARREIRA PROFESIONAL

5.1. Para acceder ao sistema de carreira horizontal e progresar no recoñecemento dos graos sucesivos o empregado público provincial deberá cumprir os seguintes requisitos básicos:

- a) Estar incluído no ámbito de aplicación establecido no artigo 4.
- b) Estar en situación de activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza. Aos efectos de completar período de permanencia en grao computarase o tempo de servizo activo ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza.
- c) Presentar a solicitude de recoñecemento de grao no prazo que se estableza na convocatoria correspondente, que será periódica e non dilatoria.
- d) Acreditar o período de permanencia establecido en cada caso.

5.2. Non se procederá ao recoñecemento de graos na situación de suspensión de funcións declarada como consecuencia da tramitación dun procedemento xudicial ou expediente disciplinario ata que sexa reincorporado ao servizo activo e sempre que cumpra os demais requisitos.

ARTIGO SEXTO.- ESTRUCTURA, SISTEMA DE GRAOS E RETRIBUCIÓN

6.1. O punto de inicio do cómputo para a carreira profesional será a toma de posesión (para o persoal funcionario de carreira ou interino) ou a sinatura no contrato que corresponda (laboral fixo, temporal ou indefinido non fixo). No caso de discrepancia só será

válido o documento acreditativo desa situación expedido polo Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

6.2. Entenderase como tempo efectivo de traballo, para os efectos de cómputo de permanencia nos diferentes graos, o tempo transcorrido en servizo activo ou calquera outra que supoña reserva de praza.

6.3. Para recoñecer a progresión na carreira profesional establécense unha serie de graos:

a) Grao inicial: ata máximo dos cinco anos de servizo continuado, non sendo esixible a acreditación de horas de formación.

b) Grao I: a partir dos 5 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 40 horas de formación total acumulada.

c) Grao II: a partir dos 10 anos de servizo acreditando a realización de polo menos 100 horas de formación total acumulada.

d) Grao III: a partir dos 15 anos de servizo e acreditando a realización de polo menos 150 horas de formación total acumulada.

e) Grao IV: con máis de 20 anos de servizo e acreditar a realización de polo menos 200 horas de formación total acumulada.

6.4. Por formación enténdese o conxunto de actividades que teñen como finalidade o mantemento e mellora da competencia profesional e o desenvolvemento do empregado público e, polo tanto, axudar na consecución dos obxectivos da Deputación Provincial de Ourense. Serán computables como formación todos aqueles cursos e xornadas convocados e organizados polas administracións públicas, universidades tanto públicas como privadas, organizacións sindicais e outras entidades cuxa formación estea recoñecida por un organismo oficial. Do mesmo xeito, recoñécese como mérito para a carreira profesional a formación de carácter transversal: violencia de xénero, igualdade, ofimática, lingua galega, idiomas, prevención de riscos laborais, primeiros auxilios, etc. Todos os cursos ou xornadas de formación serán xustificados mediante certificado acreditativo no que conste o número de horas, sen o cal non será válido. As horas de formación serán acumulables entre cada un dos graos. Tamén será valorable a formación que realice o/a empregado/a público/a como docente ou formador/ora.

6.5. O grao inicial non terá retribución.

6.6. Os graos I a IV recoñecidos aboaranse mediante unha retribución adicional ao complemento de destino como retribución complementaria de carácter fixo para o correspondente corpo, escala, especialidade ou categoría profesional.

6.7. *Este complemento será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial dos empregados públicos da Deputación Provincial de Ourense.*

6.8. *As contías anuais que se perciban por este complemento devindicaranse en 12 mensualidades e serán as seguintes (por cada grao):*

A1	1.080 euros
A2	1.080 euros
B	840 euros
C1	840 euros
C2	720 euros
AP	720 euros

Estas cantidades serán actualizadas anualmente coa porcentaxe de incremento que estableza as sucesivas leis de orzamentos para a retribución do persoal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense.

ARTIGO SÉTIMO.- PROCEDEMENTO ORDINARIO

7.1. *A solicitude de recoñecemento de grao presentarase polas persoas empregadas da Deputación Provincial de Ourense que reúnan os requisitos establecidos neste regulamento previa convocatoria aprobada polo órgano competente e na que se establecerá a data de inicio e fin de prazo de presentación. Este prazo será como mínimo dun mes.*

7.2. *Os requisitos para acceder ao grao solicitado deberán acreditarse dentro do prazo indicado.*

7.3. *No Portal do Empregado da Deputación Provincial de Ourense habilitarase o enlace necesario para presentar a solicitude e achegar a documentación acreditativa das horas de formación.*

7.4. *A resolución sobre o recoñecemento de grao ditarase no prazo máximo de 3 meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes.*

ARTIGO OITAVO.- PROGRESIÓN NA CARREIRA PROFESIONAL

8.1. *O recoñecemento da progresión nos graos da carreira profesional implicará variacións de clasificación profesional e retributivos pero non cambios xerárquicos nin funcionais. Na práctica, o persoal da Deputación Provincial de Ourense continuará desempeñando as súas funcións na mesma unidade ou departamento ao que estaba adscrito.*

8.2. *O acceso a un grao superior requirirá do cumprimento dos seguintes requisitos:*

- a) *O período de permanencia no grao inmediatamente inferior:*
 - Para o acceso ao grao I, 5 anos desde a adquisición do grao inicial.
 - Para o acceso ao grao II, 6 anos desde a adquisición do grao I.
 - Para o acceso ao grao III, 6 anos desde a adquisición do grao II.
 - Para o acceso ao grao IV, 7 anos desde a adquisición do grao III.
- b) *Obtención dunha avaliación positiva.*
- c) *Acreditar a formación establecida para cada grao.*
- d) *Non ter sanción administrativa grave ou moi grave.*

8.3. *O empregado ou empregada provincial en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns terá dereito ao cómputo do tempo na devandita situación, a efectos de carreira profesional horizontal, nos seguintes termos:*

a) *Cando nun mesmo ano natural coexistan períodos de prestación efectiva de servizos e períodos de permanencia na situación de incapacidade temporal e a valoración do proceso de avaliación anual do empregado/a sexa favorable.*

b) *No suposto de que no ano natural non se produza prestación efectiva de servizos, suspenderase a progresión ata o primeiro ano no que exista prestación de servizos efectiva que permita a avaliación, conservándose e retribuíndose durante o período de incapacidade a categoría e grao obtido no momento do inicio da situación da incapacidade laboral temporal.*

c) *Cando a incapacidade temporal veña dada por continxencias profesionais, computarase o tempo como de traballo efectivo, aplicando o resultado da última avaliación ao desempeño efectuada.*

8.4. *No recoñecemento de progresión na carreira profesional as sancións disciplinarias leves non será impedimento para a progresión de grao. Pola contra, cando exista sanción grave ou moi grave o tempo de suspensión de funcións suporá a paralización do cómputo no grao que corresponda polo mesmo tempo que a sanción disciplinaria. Só se procederá neste último caso cando a sanción sexa firme.*

ARTIGO NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

9.1. *Constituirase unha comisión para realizar o seguimento das medidas que se adopten na súa aplicación e resolver as cuestións que xurdan na interpretación e execución deste regulamento.*

9.2. *A composición estará formada por unha ou un representante de cada unha das organización sindicais con presenza na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Ourense e o presidente da Deputación ou deputado/a provincial no que*

delegue acompañado polo responsable do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior.

9.3. *As funcións deste órgano serán:*

- a) Interpretar a totalidade dos artigos e cláusulas deste regulamento.*
- b) Vixiar o cumprimento do pactado e denunciar, no seu caso, os incumprimentos.*
- c) Estudar, propor e, cando proceda, resolver aquelas cuestións presentadas polas partes.*
- d) Actualizar o contido deste Regulamento para adaptalo á normativa vixente.*
- e) Garantir a igualdade de trato entre todas/os as traballadoras e traballadores da Deputación Provincial de Ourense independentemente da relación laboral que os/as vincule con esta.*
- f) Resolver previo a vía administrativa ou xudicial as discrepancias sobre a avaliación do desempeño.*

9.4. *Para exercer as labores de control e seguimento, a Comisión reunirase con carácter ordinario semestralmente e, de xeito extraordinario, cando o solicite polo menos o 50% de cada unha das partes.*

9.5. *A Comisión poderá utilizar os servizos ocasionais ou permanentes de asesores, con voz pero sen voto.*

9.6. *O funcionamento da Comisión será similar á dos órganos colexiados previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.*

ARTIGO DÉCIMO.- BAREMACIÓN

10.1. *A avaliación do desempeño é o instrumento a través do que se acredita o compromiso do persoal do organismo provincial na mellora dos servizos públicos e na consecución dos obxectivos da Administración provincial, e mediante o cal se mide e se valora a conduta profesional e o rendemento ou logro dos resultados.*

10.2. *O sistema de avaliación do desempeño na Deputación Provincial de Ourense rexerase por criterios de transparencia, obxectividade, imparcialidade e non discriminación, e aplicaranse sen menoscabo dos dereitos dos/as empregados/as do organismo provincial. A Deputación Provincial de Ourense aprobará, previa negociación coas organizacións sindicais, o sistema para levar a cabo esta avaliación, cumprindo os requisitos indicados.*

10.3. *Aparte de superar as avaliacións do desempeño que se determinen regulamentariamente, teranse en conta outros criterios de avaliación como poden ser: a actividade profesional; a formación e innovación; a implicación e compromiso coa*

organización; o cumprimento dos obxectivos individuais e colectivos da unidade administrativa; a participación en iniciativas e programas especiais, liñas de traballo específicas ou transversais, procesos de cambio, implantación de novos sistemas e, en xeral, actividades singulares que sexan acreditadas polo Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior como de interese para a actividade administrativa con relevancia para o sistema de carreira profesional.

ARTIGO UNDÉCIMO.- RECOÑECIMENTO DE SERVIZOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E INCIDENCIA DA PROMOCIÓN INTERNA NA CARREIRA PROFESIONAL

O persoal que acceda a outro corpo ou escala polo sistema de promoción interna vertical, ou incluso por acceso libre, manterá o dereito a percibir o complemento de carreira correspondente aos graos recoñecidos anteriormente nos grupos, corpos, escala ou especialidades acadados ao longo da súa carreira administrativa e acumularase o tempo de servizos prestados nos distintos corpos, escalas ou categorías profesionais para acadar o cumprimento dos prazos establecidos para cada grao. Terase en conta os servizos prestados noutras administracións públicas. Así mesmo, recibirá o mesmo tratamento que o persoal deste corpo, escala ou especialidade para os efectos de acceso e progresión da carreira.

ARTIGO DUODÉCIMO.- SISTEMA EXTRAORDINARIO DE RECOÑECIMENTO DA PROGRESIÓN NA CARREIRA ADMINISTRATIVA

12.1. Dado que o sistema de avaliación do desempeño aínda non está implementado na Deputación Provincial de Ourense, o sistema de carreira administrativa ordinaria no pode operar segundo o previsto neste Regulamento, establecéndose un réxime transitorio que ten como obxectivo garantir unha transición eficiente ata a carreira profesional horizontal, asegurando que o sistema se axuste e asegure axeitadamente antes da súa consolidación definitiva.

12.2. Dentro deste réxime transitorio establécese un sistema extraordinario de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, sistema extraordinario que ten como finalidade adiantar os tempos para o acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, de xeito que lle permita ao persoal cunha maior antigüidade acceder anticipadamente aos distintos graos. De non ser así, recibirían o mesmo tratamento que o persoal de novo ingreso.

ARTIGO DÉCIMO TERCEIRO.- SISTEMA EXTRAORDINARIO DE ACCESO AO GRAO I

13.1. *No segundo semestre deste exercicio 2025, tramitarase un sistema excepcional e transitorio de solicitude de encadramento para o acceso, de xeito directo e por unha soa vez, ao grao I de carreira administrativa horizontal. Poderá participar neste réxime extraordinario o persoal empregado público da Deputación Provincial de Ourense que cumpra os seguintes requisitos:*

- a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).*
- b) Ter a condición de empregado público nesta administración ou integrado procedente doutras administracións cunha antigüidade de polo menos cinco anos no corpo, escala ou categoría profesional a data do 31 de decembro de 2024.*
- c) Cumprir co requisito de acreditar a realización de polo menos 40 horas de formación total acumulada.*

13.2. *En función das disponibilidades orzamentarias, o pagamento do complemento de carreira correspondente ao grao I recoñecido, producirase de maneira progresiva en dúas anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:*

- En 2025 o 50% do grao I.*
- En 2026 o 100% do grao I.*

ARTIGO DÉCIMO CUARTO.- SISTEMA EXTRAORDINARIO DE ACCESO AO GRAO II

14.1. *No segundo semestre do ano 2026, a Deputación Provincial de Ourense publicará a convocatoria para que aqueles que teñan recoñecido o grao I poidan solicitar o encadramento no grao II a través deste sistema excepcional e transitorio e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:*

- a) Estar en situación de servizo activo (ou en calquera outra situación administrativa que supoña reserva de praza).*
- b) Ter recoñecido o grao I e ter a condición de empregado público nesta administración ou integrado procedente doutras administracións cunha antigüidade de polo menos de dez anos no corpo, escala ou categoría profesional a data do 31 de decembro de 2025.*
- c) Cumprir co requisito de acreditar a realización de polo menos 100 horas de formación total acumulada.*

14.2. *En función das disponibilidades orzamentarias, o pagamento do complemento de carreira correspondente ao grao II recoñecido, producirase de maneira progresiva en dúas*

anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:

-En 2027 o 50% do grao II.

-En 2028 o 100% do grao II.

2º. De conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, **someter o expediente a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta (30) días**, para os efectos de presentación de reclamacións e/ou suxestións. No caso de que non se teña presentado reclamación e/ou suxestión ningunha entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial quedando facultado expresamente o presidente para proceder á publicación íntegra da Ordenanza no BOP como requisito de eficacia para a súa entrada en vigor.

3º. Aprobar a guía do réxime transitorio para a implementación da carreira profesional horizontal, para os efectos oportunos.

8º.- APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE MANZANEDA (OURENSE) DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0701 CABALAR (OU-636) – VILARIÑO DE CONSO, NO TREITO DE MANZANEDA, PQ INICIAL 5+730, PQ FINAL 6+660 (EXPTE. Nº 2025/16504D).

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#).

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Manzaneda (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	TREITO	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-0701	Cabalar (OU-636) - Vilariño de Conso	Manzaneda	5+730	645.354,28 – 4.685.664,81	6+660	645.832,53 – 4.685.376,21

Segundo: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as Administracións intervinientes.

Terceiro: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo, nos termos indicados.

9º.- CORRECCIÓN DE ERRO NO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A COMUNIDADE DE REGANTES “NOVA LIMIA” PARA SUBVENCIONAR A VIABILIDADE FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS INHERENTES AO PROXECTO DE MELLORA PARA O APROVEITAMENTO EN REGADÍO DAS 42 CAPTACIÓNS DE AUGAS SUBTERRÁNEAS NA LIMIA (EXPT. Nº 2025/7850W).

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#).

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Corrixir o erro material detectado na táboa que recolle a distribución da achega desta Deputación para subvencionar as actuacións obxecto deste convenio, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que di: *“As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*, do seguinte xeito:

Onde di:

Anualidade	Aportación
2024	500.000,00 € (xa transferidos)
2025	500.000,00 €
2026	500.000,00 €

2027	500.000,00 €
2028	500.000,00 €
2029	500.000,00 €
2030	500.000,00 €
2031	500.000,00 €
Total anualidades 2024-2031:	4.000.000,00 €

Debe dicir:

Anualidade	Aportación
2024	600.000,00 € (xa transferidos)
2025	500.000,00 €
2026	500.000,00 €
2027	500.000,00 €
2028	500.000,00 €
2029	500.000,00 €
2030	500.000,00 €
2031	400.000,00 €
Total anualidades 2024-2031:	4.000.000,00 €

10.- MOCIÓN DO BNG PARA A POSTA EN MARCHA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E OS CONCELLOS CO OBXECTIVO DE MELLORAR A EXECUCIÓN DAS OBRIGAS SOBRE AS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA (EXPTE. Nº 2025/17816X).

A esta moción presentouse unha emenda de modificación do Grupo Popular.

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

O risco de lumes forestais leva senda un problema desde hai moitos anos. A situación de abandono de moitos predios supón unha ameaza, xa non só no ámbito agrario, senón tamén para as persoas.

Desde a posta en marcha da Lei 3/2007 de Prevención de Incendios Forestais de Galiza, a concienciación da sociedade galega na necesidade de poñer o foco na prevención foi aumentando. A aplicación da citada Lei 3/2007 supón un novo "reto" para as administracións competentes (Xunta de Galiza e concellos, especialmente).

Durante os meses de verán, en toda a provincia de Ourense, multiplícanse os riscos derivados da presenza de biomasa acumulada en parcelas próximas a vivencias, explotacións agrogandeiras e os 2.542 núcleos poboacionais (excluindo o concello de Ourense). Moitas destas parcelas atópanse en estado de abandono, sen xestión forestal nin desbroce, o que supón unha ameaza real e inmediata de propagación de incendios forestais.

Aínda que existe ese marco legal que abriga á limpeza, a resposta administrativa está marcada por atrasos derivados de incapacidades ou mesmo por deixadez, debido principalmente a dous factores recorrentes:

- A **imposibilidade de localizar ou identificar con axilidade aos propietarios ou herdeiros** das parcelas, situación moi habitual en concellos rurais con elevada dispersión e transmisión non regularizada da propiedade.*
- A **falla de medios técnicos e humanos nos concellos**, que impide activar os procedementos de execución subsidiaria con axilidade e eficacia.*

*Esta combinación deriva en procedementos que se prolongan durante meses, mesmo anos, mentres os terreos seguen sen limpar e os riscos aumentan cada día que pasa. A inacción administrativa, aínda que sexa por falta de recursos, **non exime da responsabilidade institucional**, especialmente cando están en xogo a vida, os bens e o patrimonio natural da veciñanza.*

O marco legal: obriga de xestión e execución subsidiaria. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece:

- No seu artigo 21, a obriga das persoas titulares das fincas de manter limpas as faixas de protección, eliminando a biomasa vexetal acumulada.*
- No artigo 22, que en caso de incumprimento, os concellos poden proceder á **execución subsidiaria dos traballos**, cos custes a cargo da persoa responsable, sen prexuízo da imposición de sancións.*

Ademais, a normativa e os plans anuais da Consellería do Medio Rural fixan prazos ordinarios de 15 días para a actuación voluntaria, tras o requirimento municipal.

En situacións de risco inminente ou durante a época de alto perigo de incendios (xullo-setembro), está plenamente xustificada a intervención urxente por parte das administracións, sen máis dilación, como medida de protección do interese xeral e da seguridade cidadá.

A lexislación tamén establece que **a inacción prolongada por parte das administracións coñecedoras da situación podería derivar en responsabilidade patrimonial**, especialmente se se producen danos evitábeis.

A Lei 11/2021 de recuperación da Superficie da Terra Agraria de Galiza, nos seus artigos 19 e 42 regula a capacidade da Xunta de Galiza para a investigación e actuación sobre as parcelas abandonadas e que son propiedade de persoas descoñecidas. De feito, moitas das parcelas obxecto de execución subsidiaria, coa aplicación desta normativa, deberían pasar a formar parte do patrimonio da Xunta de Galiza, ao superar os custes das reiteradas limpeza, ao valor das propias parcelas.

Por todo o anterior, e recoñecendo a incapacidade de moitos dos concellos da provincia, e que a Deputación de Ourense ten como función esencial a cooperación cos concellos, especialmente os de menor capacidade económica, humana e técnica; o **grupo provincial do BNG** somete a debate a presente moción sobre a necesidade do establecemento de convenios voluntarios cos municipios que así o soliciten, e co obxectivo de garantir:

- A execución efectiva dos traballos de limpeza en casos de incumprimento da obriga legal por parte das persoas titulares.
- A protección da poboación, dos bens e do medio, evitando demoras innecesarias e reducindo o risco de incendios forestais.

Trátase, pois, de dotar dunha ferramenta efectiva (o convenio) aos concellos con escasa capacidade económica e administrativa, para poder dispor dun "fondo" económico ao que recorrer para executar as competencias e obrigas derivadas da lexislación autonómica; e ao mesmo tempo, á delegación (por parte destes concellos) na Deputación de Ourense do procedemento e cobro da execución subsidiaria dos custes da limpeza de predios dos que as persoas propietarias non procedan á súa limpeza.

ACORDOS

Primeiro. A Deputación Provincial de Ourense elaborará un modelo de **CONVENIO MARCO** cos concellos da provincia de Ourense, destinado a apoiar aos que debido á falla de medios ou á complexidade das tramitacións, non poidan actuar con eficacia ante situacións de risco derivadas da acumulación de biomasa, na aplicación da Lei 3/2007.

Segundo. Este **convenio terá carácter voluntario**, e como obxectivo principal a execución directa por parte do concello dos traballos de limpeza en parcelas nos entornos dos núcleos rurais onde:

- Se constate o incumprimento da obriga de xestión da biomasa por parte dos propietarios.
- Non se consiga localizar ou identificar a persoa titular nun prazo razoábel.

- *Exista risco evidente para a poboación ou os bens.*
- *O concello non dispoña de medios propios para executar os traballos.*

Estableceranse, no citado convenio, unha serie de "prioridades" en función da situación e capacidades dos distintos concellos da provincia:

- *Poboación e número de núcleos poboacionais*

o Prioridade 1: concellos de menos de 1.000 habitantes (27 en total)

o Prioridade 2: concellos entre 1.001 e 2.500 habitantes (49 en total)

o Prioridade 3: concellos entre 2.501 e 5.000 habitantes (6 en total)

o Prioridade 4: concellos entre 5.001 e 10.000 habitantes (5 en total)

o Prioridade 5: concellos entre 10.001 e 20.000 habitantes (4 en total)

Terceiro. *O ente provincial adquire o compromiso dunha dotación orzamentaria mínima de 1 millón de euros para o exercicio 2026, con cargo aos orzamentos da Deputación.*

Cuarto. *O convenio asinado permitirá a delegación competencial na Deputación de Ourense para a **xestión, liquidación e cobro** dos traballos realizados en cada unha das parcelas.*

*Os traballos realizados serán posteriormente **repercutidos ás persoas responsables das parcelas**, mediante a correspondente liquidación, de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique custe para os concellos solicitantes.*

Os fondos recadados recaerán nas arcas da Deputación Provincial.

*Elaborarase un **protocolo técnico e xurídico de actuación**, que garanta a legalidade, a axilidade procedemental e a prioridade de actuación nas zonas de maior risco, especialmente antes do inicio da época de alto perigo de incendios.*

Quinto. *Dar traslado deste acordo a todos os concellos da provincia, así como á Xunta de Galiza e á Consellería do Medio Rural, co fin de promover unha acción coordinada e eficaz na prevención estrutural dos incendios forestais.*

Sexto. *Reiterar a reclamación da transferencia das competencias do catastro á CC. AA. de Galiza. E mestres isto non se produce que se estableza un CONVENIO entre o Ministerio de Hacienda e a Xunta de Galiza para a xestión deste; co obxectivo prioritario de realizar unha revisión inmediata dos datos catastrais para axustalos aos verdadeiros titulares.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda de modificación do Grupo Popular que é aprobada por maioría, co voto favorable de todos os presentes. A continuación sométese á votación a moción coa emenda do Grupo Popular e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. A Deputación Provincial de Ourense elaborará un modelo de **CONVENIO MARCO** cos concellos da provincia, coordinado coa Xunta de Galicia, destinado a apoiar aos municipios que, debido á falla de medios ou á complexidade das tramitacións, non poidan actuar con eficacia ante situacións de risco derivadas da acumulación de biomasa, na aplicación da Lei 3/2007.

Segundo. Este **convenio terá carácter voluntario**, e como obxectivo principal a execución directa por parte do concello dos traballos de limpeza en parcelas nos entornos dos núcleos rurais onde:

- Se constate o incumprimento da obriga de xestión da biomasa por parte dos propietarios.
- Non se consiga localizar ou identificar á persoa titular nun prazo razoable.
- Exista risco evidente para a poboación ou os bens.
- O concello non dispoña de medios propios para executar os traballos.

Estableceranse, no citado convenio, uns criterios de prioridade que serán de carácter técnico e obxectivo, tendo en conta factores como:

- o A superficie total do concello incluída en zonas de risco segundo os plans de prevención.
- o O número de núcleos de poboación afectados.
- o A dispersión do hábitat.
- o O grao de abandono das parcelas.
- o Os antecedentes históricos de incendios forestais.
- o A capacidade administrativa e técnica do concello.
- o A pertenza ou non a unha mancomunidade con brigadas operativas.

Terceiro. O ente provincial comprométese a dotar esta colaboración cunha partida orzamentaria inicial en 2026, priorizando o reforzo das brigadas conveniadas entre a Deputación e a Xunta nas mancomunidades, para que poidan asumir os traballos de roza e limpeza nas parcelas sen propietario coñecido ou con procedementos de investigación abertos.

Cuarto. O convenio asinado permitirá a delegación competencial na Deputación de Ourense para a **xestión, liquidación e cobro** dos traballos realizados en cada unha das parcelas.

Os traballos realizados serán posteriormente **repercutidos ás persoas responsables das parcelas**, mediante a correspondente liquidación, de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique custe para os concellos solicitantes.

Os fondos recadados recaerán nas arcas da Deputación Provincial.

Elaborarase un **protocolo técnico e xurídico de actuación**, que garanta a legalidade, a axilidade procedemental e a prioridade de actuación nas zonas de maior risco, especialmente antes do inicio da época de alto perigo de incendios.

Quinto. Dar traslado deste acordo a todos os concellos da provincia, así como á Xunta de Galiza e á Consellería do Medio Rural, co fin de promover unha acción coordinada e eficaz na prevención estrutural dos incendios forestais.

Sexto. Reiterar a reclamación da transferencia das competencias do catastro á CC. AA. de Galiza. E mestres isto non se produce que se estableza un CONVENIO entre o Ministerio de Hacienda e a Xunta de Galiza para a xestión deste; co obxectivo prioritario de realizar unha revisión inmediata dos datos catastrais para axustalos aos verdadeiros titulares.

Sétimo. A Deputación Provincial instará á Xunta de Galicia á sinatura dun convenio de colaboración para estender estas actuacións aos concellos que non pertencen a mancomunidades, mediante:

1. A posta en marcha de proxectos piloto comarcais nos concellos con maior número de parcelas en abandono.
2. A dotación de técnicos da Xunta por comarca, con funcións específicas de apoio aos concellos na tramitación de expedientes de execución subsidiaria, identificación de titulares e xestión de comunicacións previas.

Oitavo. A Deputación Provincial de Ourense instará á Xunta de Galicia a realizar unha revisión do marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxectivo de avaliar a viabilidade de que sexa a propia Xunta quen asuma directamente, con medios propios, a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas sen identificar.

Esta revisión deberá ter en conta:

1. A complexidade administrativa que supón para os concellos a tramitación destes expedientes.
2. A falta de medios técnicos e humanos na maioría dos municipios rurais.
3. O interese público e supramunicipal que representa a prevención estrutural de incendios forestais.

11.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA RECLAMAR AO GOBERNO DE ESPAÑA DEDUCIÓN FISCAIS ESPECIAIS PARA AS PERSOAS RESIDENTES EN MUNICIPIOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES (EXPTE. Nº 2025/17860P).-

A esta moción presentáronse dúas emendas, unha de modificación do Grupo Socialista e outra de substitución do BNG, que non foron aceptadas polo grupo propoñente da moción.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

A provincia de Ourense, como boa parte do interior de Galicia, sofre un preocupante proceso de despoboamento, envellecemento demográfico e perda progresiva de servizos. Esta realidade ten un impacto directo sobre a calidade de vida da cidadanía, especialmente nos concellos de menor tamaño, e supón unha ameaza para a cohesión territorial, a economía local e a sustentabilidade dos servizos públicos.

En Ourense, máis do 80% dos concellos teñen menos de 5.000 habitantes. Moitos deles presentan unha elevada dispersión poboacional, dificultades de acceso a servizos básicos (sanidade, transporte, educación) e unha clara desvantaxe competitiva fronte aos núcleos urbanos.

Segundo datos recentes:

- A provincia de Ourense perdeu máis de 136.000 habitantes desde 1971.*
- A idade media da poboación é de 51,3 anos, a máis alta de Galicia.*
- Só o 15,4% da poboación ten menos de 20 anos, fronte a un 26% que supera os 65 anos.*
- Galicia tivo en 2024 o peor saldo vexetativo do Estado, con 19.333 falecementos máis ca nacementos e unha proporción de 224 maiores por cada 100 menores de 16 anos. Mentres tanto, outras provincias do Estado que presentan características demográficas similares —como Soria, Teruel ou Cuenca— foron recoñecidas como zonas escasamente poboadas e as persoas residentes en ditos territorios xa poden beneficiarse, desde 2022, dunha dedución de ata o 20% no IRPF, segundo os Orzamentos Xerais do Estado e a normativa fiscal vixente.*

Esta medida representa unha ferramenta fiscal concreta, útil e eficaz para incentivar a fixación de poboación, fomentar o retorno rural, e compensar os custos adicionais de vivir no rural, como o transporte, a enerxía ou a menor dispoñibilidade de servizos.

A provincia de Ourense cumpre sobradamente cos criterios obxectivos establecidos pola Comisión Europea e polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para ser considerada “zona escasamente poboada”. Porén, segue excluída das medidas fiscais

diferenciadas, o que constitúe unha clara discriminación e un agravio comparativo fronte a outras provincias.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS

- 1. Instar ao Goberno de España a modificar a Lei do IRPF e os Orzamentos Xerais do Estado para incorporar deducións fiscais de ata o 20% para as persoas con residencia habitual en concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense.*
- 2. Solicitar a inclusión oficial da provincia de Ourense no mapa de “zonas escasamente poboadas”, segundo os criterios da Comisión Europea e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.*
- 3. Reclamar que estas deducións fiscais se estendan a todos os concellos galegos que cumpran os criterios de dispersión e despoboamento, garantindo a igualdade de trato territorial.*
- 4. Trasladar este acordo ao Ministerio de Facenda, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aos grupos parlamentarios no Congreso e no Senado, á Xunta de Galicia e á FEGAMP.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), e de Democracia Ourensana (1), a abstención do BNG (3) e o voto en contra do Grupo Socialista (5), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a modificar a Lei do IRPF e os Orzamentos Xerais do Estado para incorporar deducións fiscais de ata o 20% para as persoas con residencia habitual en concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense.
2. Solicitar a inclusión oficial da provincia de Ourense no mapa de “zonas escasamente poboadas”, segundo os criterios da Comisión Europea e do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
3. Reclamar que estas deducións fiscais se estendan a todos os concellos galegos que cumpran os criterios de dispersión e despoboamento, garantindo a igualdade de trato territorial.
4. Trasladar este acordo ao Ministerio de Facenda, ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aos grupos parlamentarios no Congreso e no Senado, á Xunta de Galicia e á FEGAMP.

12.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE COLABORACIÓN COS CLUBS DEPORTIVOS PARA A IMPLANTACIÓN EFECTIVA DO PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES FRONTE Á VIOLENCIA NO DEPORTE (EXP. Nº 2025/17741G).-

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A loita contra a violencia na infancia é un imperativo de dereitos humanos", subliña o preámbulo da Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes Fronte á Violencia. A aprobación desta Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, implicou un avance significativo na defensa dos seus dereitos nunha entona segura e saudable en todos os ámbitos da súa vida, incluíndo o educativo, o deportivo, as actividades de ocio e lecer, e o familiar. Esta normativa establece no seu artigo 8.1 que "las administraciones públicas promoverán la colaboración público-privada con el fin de facilitar la prevención, detección precoz e intervención en las situaciones de violencia sobre la infancia y la adolescencia, fomentando la suscripción de convenios con los medios de comunicación, los agentes sociales, los colegios profesionales, las confesiones religiosas, y demás entidades privadas que desarrollen su actividad en contacto habitual con niños, niñas y adolescentes o en su ámbito material de relación". En aplicación destes principios e a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o Observatorio da Familia e da Infancia de Galicia aprobou o 14 de maio de 2024 a activación do Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte.

Con todo, a posta en marcha do devandito protocolo revela importantes eivas que comprometen a súa efectividade na protección dos menores. O protocolo da Secretaría Xeral para o Deporte impón aos clubs o nomeamento dunha persoa Delegada de Protección á que lle atribúe unha serie de tarefas e á que se esixe unha formación específica. Porén, non se ten establecido un sistema de control sobre a formación real que ten a persoa nomeada polos clubs para esta función, nin semella existir un plan de avaliación rigoroso que analice a correcta implementación deste protocolo. Doutra banda, a administración autonómica non ten proporcionado axuda suficiente aos clubs para a implantación efectiva do protocolo, limitándose a unha sesión de formación de escasas horas á que só asistiron quen voluntariamente quixeron facelo, e a uns vídeos informativos subidos na páxina web. Esta achega é insuficiente para garantir a correcta aplicación dunha normativa tan importante, que require dunha comprensión profunda e aplicación rigorosa para ser efectiva na protección dos menores.

É fundamental que os clubs deportivos contén coas ferramentas e coñecementos necesarios para comprender e aplicar correctamente a normativa, xa que a falta de formación adecuada pode levar a situacións de vulnerabilidade para os menores. A carencia de sensibilización sobre esta cuestión pode favorecer a perpetuación de comportamentos inadecuados que van en contra dos principios de respecto e protección que establece a lei. Como vemos a cotiá nos medios, a violencia no deporte contra menores segue a ser unha realidade preocupante que require dunha resposta coordinada e efectiva de todas as administracións. Por todo, considérase necesario establecer plans de formación específicos dirixidos aos clubs deportivos para integrar de maneira efectiva este protocolo nas súas prácticas, promovendo entornas verdadeiramente seguras e saudables para todos os participantes. Ademais, é imprescindible proporcionar axudas económicas que faciliten a implementación desta normativa, garantindo que os clubs dispoñan dos recursos necesarios para poñer en marcha as medidas adecuadas sen que isto supoña unha carga económica insostible para as súas tesourerías.

A Deputación de Ourense non debera manterse á marxe desta colaboración entre administracións na protección dos menores, tendo en conta que a propia institución puxo en marcha en 2022 o proxecto OU DS Axenda 2030 para facilitar a implantación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable en colaboración cos concellos da provincia. Os ODS 3 (Saúde e Benestar), 5 (Igualdade de Xénero) e 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas) teñen relación directa coa Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes contra a Violencia no Deporte. No que atinxe ao desenvolvemento do ODS 3, é precisamente nesta OU DS Axenda 2030 onde a Deputación inseriu o Programa de Fomento Deportivo "Vive o deporte" desde 2024 e onde realiza un diagnóstico sobre a situación da saúde mental na provincia. Tería moito sentido dedicar parte dos recursos consentidos e incluír accións específicas encamiñadas a previr e eliminar a violencia no deporte, tanto vencelladas con este obxectivo coma cos ODS 5 e 16, apuntalando así a un dereito fundamental de nenos, nenas e adolescentes: o dereito a vivir nunha entorna segura e en paz.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- *Incorporar á OU DS Axenda 2030 accións que favorezan a implantación da Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte, a través dos obxectivos ODS 3 (Saúde e Benestar), 5 (Igualdade de Xénero) e 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas).*

SEGUNDA.- Desenvolver e implementar plans de formación dirixidos a clubs deportivos en materia de protección de menores no deporte, promovendo a colaboración con especialistas en dereitos da infancia e campañas de sensibilización para pais, adestradores e directivos.

TERCEIRA.- Instar á Xunta de Galicia e aos concellos a establecer axudas económicas para clubs deportivos que implementen accións concretas en cumprimento da lexislación, e valorar que a Deputación Provincial poida complementar estas achegas dentro do seu ámbito competencial.

CUARTA.- Establecer mecanismos de avaliación e seguimento da posta en marcha das accións desenvolvidas, asegurando a súa efectividade na práctica e o cumprimento real dos obxectivos de protección da infancia no ámbito deportivo.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Incorporar á OU DS Axenda 2030 accións que favorezan a implantación da Lei de Protección de Nenos, Nenas e Adolescentes fronte á Violencia no Deporte, a través dos obxectivos ODS 3 (Saúde e Benestar), 5 (Igualdade de Xénero) e 16 (Paz, Xustiza e Institucións Sólidas).

SEGUNDA.- Desenvolver e implementar plans de formación dirixidos a clubs deportivos en materia de protección de menores no deporte, promovendo a colaboración con especialistas en dereitos da infancia e campañas de sensibilización para pais, adestradores e directivos.

TERCEIRA.- Instar á Xunta de Galicia e aos concellos a establecer axudas económicas para clubs deportivos que implementen accións concretas en cumprimento da lexislación, e valorar que a Deputación Provincial poida complementar estas achegas dentro do seu ámbito competencial.

CUARTA.- Establecer mecanismos de avaliación e seguimento da posta en marcha das accións desenvolvidas, asegurando a súa efectividade na práctica e o cumprimento real dos obxectivos de protección da infancia no ámbito deportivo.

13.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO POPULAR, DO GRUPO SOCIALISTA, DO BNG E DE DEMOCRACIA OURENSANA (EXPTE. Nº 2025/18394J).-

Previamente corresponde a ratificación da inclusión na orde do día deste punto, xa que non foi ditaminado en comisión informativa, e que é aprobada co voto favorable dos membros presentes.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

Na provincia de Ourense existe unha crecente demanda de novas infraestruturas deportivas que respondan as necesidades da poboación e á evolución da práctica deportiva. A sociedade ourensá busca a mellora da calidade e cantidade de instalacións, tanto para uso recreativo como para a práctica de deportes federados. Esta demanda tradúcese na necesidade de espazos máis modernos, accesibles e adaptados a diferentes disciplinas, así como na integración destas instalacións na nosa contorna.

A provincia de Ourense consolidouse coma referente en distintas disciplinas deportivas non só pola excelencia dos resultados deportivos, senón tamén pola capacidade de formar talentos que transcenden as nosas fronteiras. Esta tradición deportiva constitúe unha sorte de patrimonio inmaterial que merece ser preservado e potenciado a través de infraestruturas axeitadas que permitan o seu desenvolvemento futuro.

A forza desta tradición deportiva na nosa Provincia radica na dedicación de xeracións de deportistas, técnicos e familiares que mantiveron viva a chama da excelencia, como e caso da ximnástica ourensá, con recoñecidos deportistas, adestradoras e adestradores, e clubs, que dende hai case medio século marcaron época a nivel provincial, autonómico, nacional e internacional.

Todas as administración deberíamos ser conscientes das necesidades urxentes das e dos deportistas e os clubs, para adestrar e competir nunhas instalacións dignas. Antóllase fundamental que as administración exerzan un rol de dinamización do desenvolvemento provincial e de coordinación interinstitucional para impulsar una nova infraestrutura deportiva.

Temos a responsabilidade e a capacidade para liderar un proceso que beneficia ao conxunto do territorio e require dunha visión supra municipal para a súa materialización.

Desde os Grupos Políticos da Deputación de Ourense somos conscientes de que hai deportes que non teñen unha localización clara e que sería necesario buscarlle novos espazos para a súa practica, como salas de deportes de contacto ou de raqueta, así como un pavillón de ximnasia de alta cualificación e que achegarían as novas instalacións a mais de 4.000 deportistas.

Coa execución de este novo proxecto, poderíamos albergar competicións de distintas disciplinas tanto a nivel autonómico, nacional ou internacional, convertendo a Ourense nun polo de atracción para deportistas en distintas competicións, o que potenciaría todos os programas de desenrolo rural que promove esta deputación.

As administración locais deben asumir un protagonismo activo na materialización deste proxecto que transcende os límites dos concellos e afecta ao prestixio e á proxección deportiva de todo o territorio provincial. A súa implicación directa, tanto desde o punto de vista técnico como financeiro pode ser determinante para desbloquear proxectos que levan demasiado tempo paralizados e que precisan dunha coordinación efectiva entre todas as administracións competentes.

En virtude do exposto propoñemos ao Pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar ao Concello de Ourense para que asuma o liderado na coordinación interinstitucional necesaria para impulsar a creación dunha mesa conxunta formada pola Xunta de Galicia, Deputación e Concello de Ourense para a construción dun novo pavillón multiusos na comarca de Ourense, dotado das características técnicas necesarias, tanto en altura como en superficie para acoller competicións de alto nivel*
- 2. Instar ao Concello de Ourense a que elabore un estudo técnico sobre a viabilidade urbanística e cronograma temporal das diferentes localizacións onde podería localizarse devandito pavillón.*
- 3. Instar a Xunta de Galicia, Deputación de Ourense e Concello de Ourense para que avalíen as posibilidades de destinar unha partida orzamentaria específica nos seus vindeiros orzamentos para colaborar no financiamento da construción do novo pavillón e novas infraestruturas deportivas anexas.*
- 4. Instar a Deputación de Ourense para que impulse o recoñecemento oficial de Ourense como Capital da Ximnasia de Galicia diante das instancias autonómicas e nacionais correspondentes para reflectir a realidade deportiva da provincia e potenciar a súa proxección como destino de turismo deportivo, contribuíndo así á promoción económica provincial a través do deporte.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable dos membros presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1. Instar ao Concello de Ourense para que asuma o liderado na coordinación interinstitucional necesaria para impulsar a creación dunha mesa conxunta formada pola Xunta de Galicia, Deputación e Concello de Ourense para a construción dun novo pavillón multiusos na comarca de Ourense, dotado das características técnicas necesarias, tanto en altura como en superficie para acoller competicións de alto nivel*

2. Instar ao Concello de Ourense a que elabore un estudo técnico sobre a viabilidade urbanística e cronograma temporal das diferentes localizacións onde podería localizarse devandito pavillón.
3. Instar a Xunta de Galicia, Deputación de Ourense e Concello de Ourense para que avalíen as posibilidades de destinar unha partida orzamentaria específica nos seus vindeiros orzamentos para colaborar no financiamento da construción do novo pavillón e novas infraestruturas deportivas anexas.
4. Instar a Deputación de Ourense para que impulse o recoñecemento oficial de Ourense como Capital da Ximnasia de Galicia diante das instancias autonómicas e nacionais correspondentes para reflectir a realidade deportiva da provincia e potenciar a súa proxección como destino de turismo deportivo, contribuíndo así á promoción económica provincial a través do deporte.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xuño de 2025.

Os membros da Corporación quedan informados.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16](#)

E, ás 14.12 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data

04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

`<iframe width="560" height="315"`

`src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/07/24/Sesion_Plenaria_24-07-2025/video_202507240958000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer; autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>`